# PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR

# CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

Data de aprobación: claustro do ........ de 2020

Primeira modificación...............abril 2022

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

# ÍNDICE

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.
2. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.
3. RECURSOS E MATERIAIS.
4. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.
5. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.
6. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN.
7. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
8. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).
9. CONCRECIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (3 ANOS)
10. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO.
11. AVALIACIÓN DO ALUMNADO.

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

# 1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO. (pendente de redacción)

## 1. 1 COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

### 1.1.1 INFANTIL

**Iniciación a Lecto-escritura:**

- **4º de Educación infantil:** traballarase a grafomotricidade e a linguaxe usando as maiúsculas.
- **5º de Educación infantil:** traballarase cunha base constructivista partindo da palabra e centrándonos na asociación fonema-grafema. O traballo é coa palabra con letras maiúsculas.
- **6º de Educación Infantil:** continuarase coa asociación fonema-grafema formando silabas e palabras. Iniciarase ao alumnado na letra minúscula ligada.

### 1.1.2 PRIMARIA

Lectura

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

## ***Velocidade Lectora***

| | Require apoio | Achegase ao estándar | Estándar | Avanzado |
|---|---|---|---|---|
| **1º EP** | Menos de 20 | 21-34 | 35-55 | Mais  de 56 |
| **2º EP** | Menos de 35 | 36-60 | 61-83 | Mais de 84 |
| **3º EP** | Menos de 61 | 62-84 | 85-110 | Mais de 111 |
| **4º EP** | Menos de 85 | 86-110 | 111-139 | Mais de 140 |
| **5º EP** | Menos de111 | 112-135 | 136-167 | Mais de 168 |
| **6º EP** | Menos de 136 | 137-166 | 167-195 | Mais de196 |

Mídense palabras por minuto sen ter en conta os erros

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

***ITINERARIO LECTOR***

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

## 2. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.

Como norma xeral desenvolverase unha metodoloxía que atenda á diversidade e permita acadar as competencias clave sinaladas pola lexislación vixente. Máis concretamente traballaremos con tarefas complexas relacionadas cos centros de interese cun enfoque mixto (combinar proxectos con metodoloxías activas). Deseñaranse actividades multinivel que permitan que cada alumnado acceda a elas segundo a súa capacidade, podendo ter niveis sinxelos e de enriquecemento ademais de potenciar o uso de recursos materiais variados entre os que as STEM teñen que ter un papel importante. Nas aulas desenvolveranse estratexias de traballo cooperativo co alumnado, organizado en equipos cooperativos (este ano por mor da COVID esta metodoloxía atenderá ás medidas marcadas polas autoridades sanitarias). A organización temporal terá presente a indicación de horas para cada materia sen prexuízo do desenvolvemento dunha aprendizaxe globalizada. O centro aposta por unha metodoloxía construtivista da aprendizaxe. Seguiranse os principios de aprendizaxe globalizadora e integradora, así como os de aprendizaxe significativa, nas que partir das ideas e dos coñecementos previos do alumnado se converterá en esencial, así como utilizar situacións reais e funcionais.

Así, pois, para que o alumnado desenvolva as competencias clave, o centro tenta dotar aos contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización, centrándose na funcionalidade das aprendizaxes e orientándoas cara á súa aplicación nos contextos próximos. Preténdese un desenvolvemento en espiral que permita enriquecer e profundar nos contidos e temáticas ao longo da escolaridade. O centro

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

considera importante a expresión persoal do alumnado, pero tamén a aprendizaxe en equipo, por iso, favorecer o traballo cooperativo e a práctica vivenciada do respecto ás diferenzas, a tolerancia ás diversas formas de expresión, da participación e o compromiso democrático e a resolución pacífica de conflitos, será un eido fundamental nas fórmulas organizativas e metodolóxicas do centro. Tenderase á utilización de métodos que permitan aprender desde a realidade, a actualidade e sucesos do día a día e desde as concepcións previas. Preténdese un traballo conxunto que ademais posibilite a autonomía e o compromiso co traballo. En resumo, metodoloxías que desenvolvan competencias, que atendan á diversidade, que potencien o traballo en equipo, que promovan a autonomía e a responsabilidade e que permitan a libre expresión e o respecto e tolerancia. No caso do alumnado con neae o centro establecerá medidas curriculares, metodolóxicas e organizativas adecuadas que permitan ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e as competencias da etapa asegurando medidas de inclusión e normalización. O Departamento de Orientación establecerá mediante o “Plan Anual de Atención a Diversidade” e o “Plan Anual do Departamento de Orientación” as medidas necesarias para conseguir a mellor atención a todo o alumnado do noso centro.

CEIP ESPEDREGADA

Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, prevista no artigo 7 da Orde do 20 de abril de 2016, a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na etapa de educación primaria no noso centro poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso non prexudique a súa integración socioeducativae persoal.

En canto á estratexias de agrupamento, o noso centro aposta porque os irmáns xemelgos, ou os nacidos dentro do mesmo ano se inclúan en grupos diferentes, neste

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

momento é unha circunstancia que non se da pero se fose o caso se buscaría un desdobre no grupo para facilitar este tipo de ensinanza.

## 3. RECURSOS E MATERIAIS.

O centro aposta pola diversificación de materiais curriculares e didácticos, entendendo que atender á diversidade tamén é proporcionar recursos acordes coas diversas características e necesidades do alumnado.

A misión principal dos recursos será a de facilitar a aprendizaxe do alumnado de acordo coas súa capacidade.

A selección dos libros atenderá aos seguintes criterios:

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

| MANEXABILIDA-DE | ESTÉTICA | PRESENTACIÓN | OUTROS |
|---|---|---|---|
| -Tamaño<br><br>-Grosor<br><br>-Encadernación-Resistencia<br><br>-Facilidade de escrita /lectura nas diferentes páxinas | - Ilustracións (reais-ficticias, cor e nitidez, contextualización, capacidade informativa, cantidade,...)<br><br>-Maquetación<br><br>-Tipo e tamaño de letra<br><br>-Espazado<br><br>-Lexibilidade<br><br>-Cor<br><br>-Equilibrio texto<br><br>-imaxe | Con separatas<br><br>-En bloques<br><br>-Con material alternativo e/ou complementario<br><br>-En fichas<br><br>-En libros por trimestres<br><br>-En caderniño | Densidade de conceptos<br><br>-Relación custe-calidade<br><br>-Relación co resto dos materiais a usar na aula<br><br>-Coordinación co resto dos libros de texto |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| | -Imaxes non sexistas<br>Imaxes estereotipadas | | |

| **Obxectivos** |
|---|
| Relaciónanse co currículo que se debe desenvolver no centro?<br>Adáptanse á programación?<br>-Son operativos?Son concretos?<br>-Están redactados en termos de competencias?<br>-Son flexibles e permiten a atención á diversidade? |
| **Contidos** |
| -Son contidos relacionados co alumnado e o seu contorno?<br>-Son contidos relevantes?<br>-Están relacionados cos obxectivos propostos?<br>Permiten a integración e unión de diferentes temáticas nun proxecto, centro de interese, etc?<br>-Teñen relación coas programacións do centro e os diferentes centros de interese marcados?<br>-Permiten o uso flexible e a escolma segundo os intereses?<br>-Contempla a educación en valores?<br>Permiten atender á diversidade? |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

Teñen perspectiva de xénero?

Usan linguaxe non sexista?

| **Metodoloxía** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - Permite os diferentes agrupamentos do alumnado?<br><br>-Require dun espazo específico para podelo usar? | **Tempos** | **Métodos** | **Motivación** | **Diversidade** | **Principios** |
| | -É flexible no uso temporal?<br><br>-Permite ser usado en momentos diferentes?<br><br>-Pódese usar salteadamente (sen levar temas consecutivos? | - Contempla actividades de motivación intrínseca?<br><br>-Contempla actividades de motivación extrínseca?<br><br>-Estas propostas son variadas? | Permiten a súa utilización con métodos variados (proxectos unidades didácticas, investigación no medio,...)<br><br>-Usa unha metodoloxía acorde coa forma de aprender do alumnado? | - Atende á diversidade de niveis de aprendizaxe?<br><br>Contempla a diversidade de ritmos de aprendizaxe?<br><br>-Permite o tratamento diverso dos materiais que amosa? | -É globalizado?<br><br>-Permite a globalización?<br><br>-Inclúe as estratexias de aprender a aprender?<br>Utiliza estratexias de aprendizaxe?<br><br>-Contempla a actividade mental do alumnado?<br><br>-Permite o tratamento |

CEIP ESPEDREGADA

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | individualizado e o traballo en equipo cooperativo? |
| **Avaliación** | | | | | |
| | **Formativa** | | **Final** | | **Autoavaliación** |
| As actividades de avaliación inicial son diversificadas?Son actividades que teñen en conta a diversidade do alumnado? | Presenta propostas para facer avaliación durante o desenvolvemento dos temas?<br><br>Son propostas variadas?<br><br>Son propostas que contemplan os diferentes niveis do alumnado?<br><br>Contemplan a diversidade? | | Ten o libro propostas de avaliación final para cada tema ou grupo de temas?Son variadas esas propostas?<br><br>Atenden á diversidade?<br><br>Fan proposta de avaliación final para o curso?<br><br>Indican en cada tema estándares de avaliación?<br><br>Están adaptados ó tema traballado?<br><br>Son consecuentes cos obxectivos e contidos? | | Presenta o libro propostas de autoavaliación para o alumnado?<br><br>Son propostas variadas? |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

<table>
<tr><td></td><td></td><td>Aparecen propostas para avaliar o propio libro de texto e os materiais ou só avalían ao alumnado?</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="4">Temporalización</td></tr>
<tr><td colspan="4">
• Fai unha proposta de temporalización do libro?<br>
• Fai unha proposta de temporalización por temas?<br>
• Pensan que todos os temas deben ter a mesma duración?<br>
• Permiten flexibilidade na duración dos temas?<br>
• Teñen que traballarse todos os temas consecutivamente ou pódense escolmar á vontade?<br>
• Son uns temas básicos para acometer os seguintes?<br>
• Permiten introducir variacións Adáptanse ó horario escolar?<br>
• Teñen aspectos que se poden traballar noutros tempos e momentos?<br>
• Contemplan o tratamento espiral que deben ter algúns temas ó longo do curso?
</td></tr>
<tr><td colspan="4">Actividades</td></tr>
<tr><td>Rol do Profesorado</td><td>Rol do alumnado</td><td colspan="2">Adecuación</td></tr>
<tr><td>• Permite que o pro-</td><td>• O alumnado só</td><td colspan="2">• Amosan diferentes niveis de di-</td></tr>
</table>

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | | |
|---|---|---|
| fesorado adopte outros roles do simplemente transmisivo?<br>• Precisan dun rol de profesorado que complemente as explicacións?<br>• Permite o tratamento diverso por parte do profesorado? | cumpre un rol pasivo-lector ou completador de actividades?<br>• Permite que o alumnado faga un tratamento diverso do libro?<br>• Contempla un rol activo do alumnado? | ficultade?<br>• Son variadas en cada tema?<br>• Son rutinarias ó longo do libro?<br>• Ten suficientes?<br>• Ten excesivas?<br>• Atenden á diversidade de habilidades?<br>• Abusan moito da linguaxe escrita?<br>• Adecúanse ós obxectivos?<br>• Adecúanse ós diferentes tipos de contidos?<br>• Permiten o uso de diversos materiais?<br>• Contemplan o uso do ordenador e das novas tecnoloxías? |
| **Comentarios posteriores ao uso** | | |
| • Foi o seu formato adecuado?<br>• Permitiu un uso flexible? | | |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Resultou adecuado ás temáticas traballadas segundo a programación anual?
- Conseguíronse os obxectivos pretendidos co seu uso?
- Vantaxes e inconvenientes do seu uso?
- Hai aspectos que non se valoraron previamente e que se observaron despois de usar? Cales?
- Ocupou moito espazo do tempo escolar en detrimento doutros materiais alternativos?
- Hai propostas de uso novas con respecto ó curso que vén?
- Que se considera que habería que propoñer á editorial para que modifiquen?
- A editorial comunicou os cambios de edición co tempo suficiente?
- Foi facilmente recoñecible polo alumnado?
- Os materiais anexos foron de utilidade?
- Facilitou o traballo do profesorado e do alumnado?
- Suxestións e propostas de modificación.

CEIP ESPEDREGADA

Así, pois, promoverase o acceso de todas as aulas aos recursos dixitais (programas, vídeos, xogos, imaxes, textos,...), de experimentación e bibliográficos. Cada aula contará con horas sinaladas para o acceso á aula de informática cos seus recursos, a aula de ciencias do centro e á biblioteca con todos os medios de que dispón.

Intentarase manter unha liña de continuidade nos materiais desde infantil ata 6º de primaria. Ademais disporanse de recursos diversos para desenvolver os proxectos e

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

centros de interese sinalados cada curso (presentacións en ppt, textos, contos, libros de diverso formato, enciclopedias, debuxos, mapas, carteis, xogos, páxinas web, LIM, fotos, prensa, dicionarios, folletos, ...) Este curso, os distintos niveis, acordaron en xuño o uso de libros de texto para este curso 2020-21, agás infantil que porá un libro de apoio aos proxectos de aula.

## 4. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO..

Tal como se indica nos documentos de centro, as liñas relacionadas cos valores teñen que ver con:

- Igualdade entre ambos sexos
- Respecto á diversidade e diferenzas,
- Resolución pacífica de conflitos,
- Fomento de hábitos adecuados de saúde
- Coidado do medio
- Prevención de riscos
- Autocontrol
- Respecto á expresión da personalidade
- Autonomía e liberdade de expresión

Para todo o centro terase en conta, respecto do tratamento transversal da educación en valores que en todas as materias:

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Se traballará con enfoque de xénero, tendo en conta unha linguaxe non sexista, un uso da imaxe non estereotipada, un equilibrio no protagonismo, a presentación de modelos alternativos e a inclusión de personaxes femininas importantes na historia, a ciencia,a matemática, a técnica,... Realizaranse accións positivas cara á igualdade con exemplos e con temáticas que permitan reflexionar sobre a discriminación, o maltrato de xénero, ...
- Reflexionarase sobre o coidado do medio, a necesidade da reciclaxe, a evitación do consumismo, a saúde (hixiene postural, alimentación, ...)
- Incidirase na resolución pacífica de conflitos, as normas sociais e o traballo adecuado en equipo, traballarase a prevención do acoso e a violencia, a autonomía, o respecto ás demais persoas,...Incidirase nos valores que sustentan unha cidadanía responsable
- Titorías entre iguais
- Fomentarase a responsabilidade e o esforzo individual, a confianza en si, o espírito crítico, iniciativa e creatividade

En todas as materias deberán traballarse os denominados elementos transversais de xeito periódico e sistemático ao longo de todo o curso:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual e TIC
- Valores sociais
- Iniciativa e actividade emprendedora

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

Valores e temas transversais deberán terse en conta en toda a actividade educativa, na organización da aula, na selección de materiais e recursos, no agrupamento do alumnado na aula, na selección de actividades e tarefas, nas estratexias a desenvolver.

Ademais de traballalos en toda a actividade educativa, algúns proxectos, unidades ou tarefas son susceptibles dun tratamento máis en profundidade dalgúns valores ou temas transversais, nas programacións de nivel e aula así se reflectirán. Durante o curso escolar celebraranse como mínimo as conmemoracións que a continuación se consignan, coa finalidade de contemplar nelas aspectos relacionados coa non violencia, o coidado, a saúde, os valores democráticos,..

CEIP ESPEDREGADA

| Temporalización | Conmemoración | Como se traballa? |
|---|---|---|
| Novembro | Contra a violencia de xénero.<br>Día da palabra (este curso non se celebra)<br>Dereitos das nenas e dos nenos | Deseñaranse no centro actividades, unidades didácticas, proxectos e materiais para cada temática, de xeito coordinado polos diferentes equipos( EDLG,E.AC e Extraescolares, E. biblioteca e DO), de forma que esas propostas se introduzan nas programacións de aula. |
| Decembro | Constitución, Estatuto de autonomía.<br>Día da discapacidade<br>Dereitos humanos, | |
| Xaneiro | Paz | |
| Febreiro | Día internacional da muller e da nena na ciencia | Todas estas actividades rema- |

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | | |
|---|---|---|
| | Día de Rosalia | tan cunha actividade conxunta de todo o centro( libro, mural, presentación, entrada no blog...) |
| Marzo | Día da muller traballadora/Día internacional da muller<br>Semana da Prensa Día mundial da poesía.<br>Dereitos da persoa consumidora | |
| Abril | Día do libro<br>Día mundial da saúde | |
| Maio | Día de Europa<br>Semana das letras galegas | |
| Xuño | Día Mundial do medio ambiente | |

CEIP ESPEDREGADA

## 5. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO5.

### 5.1 PLAN DE MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Desde o curso 2008 o noso centro está integrado no PLAMBE, relacionamos as liñas básicas de actuación:

En relación coa organización e xestión:

- Facer unha expurga de todo aquel material deteriorado no mes de setembro.

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Elaborar os carnés para o novo alumnado, profesorado e as familias que o soliciten.
- Ampliar e mellorar a oferta de material dixital e de fondos documentais electrónicos, así como materiais informativos relacionados coas diferentes áreas de coñecemento e vinculados aos proxectos que se leven a cabo no centro.
- Catalogar as novas adquisicións.
- Manter os libros ordenados nos andeis.
- Seleccionar novos fondos para a biblioteca tendo en conta o criterio e as necesidades das titoras, titores e especialistas.

En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

- En setembro reeditaremos o tríptico de información ás usuarias e usuarios sobre normas, uso e recursos que ten a biblioteca , este curso colgarase no blog. Neste curso elaborarase un protocolo de apertura e uso da biblioteca, tendo en conta as medidas sanitarias que establezan as autoridades competentes pola Covid-19.
- Elaboraremos coma cursos anteriores guías de lectura para Nadal e verán, nas que se recollen suxestións de lectura para infantil , primaria e o resto da comunidade educativa.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Elaborarase un horario de uso da biblioteca por parte de todas as titorías para por unha banda, facer os empréstitos ao alumnado e por outra banda poder integrar así o uso dos recursos que ofrece no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado e do plan lector do centro, quedando exposto na entrada

- Faranse exposicións temáticas periódicas na biblioteca para traballar nas titorías ben proxectos ou actividades nas que participa todo o centro.

En relación coa formación de usuarios e usuarias e a adquisición da competencia da información:

- Formación do profesorado colaborador no préstamo bibliotecario.

- Planificación dunha nova formación de usuarios, implicando ao alumnado na gravación de titoriais coas normas básicas de uso da biblioteca tras a crise sanitaria da Covid 19.

- Formación do alumnado a través de visitas á biblioteca semanalmente para que vaian coñecendo, o espazo físico e a clasificación dos documentos organizados segundo a CDU. Realización de xogos (interactivos, preguntas...) para a adquisición destas habilidades

- En setembro, para poder contar con el como colaboradores da biblioteca o grupo de 6º realizando funcións de información a usuarias e usuarios, empréstito de libros e mantemento da orde na mesma.

En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector do centro:

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Revisión e actualización do plan lector no que a biblioteca seguirá sendo o eixe vertebrador do mesmo.

- Potenciarase o funcionamento ao longo do curso das mochilas viaxeiras (revisarase a fondo o contido das mesmas e mercaranse novos DVDs para substituír a aqueles que xa estean deteriorados) para E. Infantil e Primaria, xa que vemos que hai libros preciosos e interesantes e as nenas e nenos non os len, por iso o nosa intención é sacalos fóra da biblioteca (a través de mochilas, carriños (este curso non se usarán), estantes móbiles...) para que o alumnado poida levalos a casa e gozalos coa súa familia.

- As actividades que realizaremos para fomentar o hábito e eficiencia lectora:

**LECTURA DIARIA NA AULA:** Continuaremos coa **itinerario lector (cada aula elixe un libro por trimestre,** lectura diaria nas aulas, tanto de libros propios delas (coa realización de actividades de comprensión lectora tanto en E. Infantil como en E. Primaria) como de libros da biblioteca e diferentes tipos de textos achegados polo Departamento de Orientación.

**LECTURA NA BIBLIOTECA**: Como xa se ven facendo nos últimos anos, o alumnado pode acudir a este espazo no tempo de recreo (este curso só poderemos acudir na hora asignada a súa titoría)para realizar lecturas de calquera tipo de texto , habituando ao alumnado ás normas básicas que é necesario cumprir cando acudimos a unha delas, ben sexa á escolar, á municipal, á provincial ou a calquera outra.

**VISITAS A BIBLIOTECAS:** Procuraremos visitar algunha biblioteca importante, onde se lle mostrará como é, o seu funcionamento, como están ordenados os libros, que facer para coller un libro en préstamo..., ademais pode haber contacontos coa axu-

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

da de animadoras e animadores. Unha vez rematado o alumnado poderá realizar actividades variadas sobre o mesmo.

**CONTACONTOS E ESCRITORAS E ESCRITORES/ ILUSTRADORAS E ILUSTRADORAS:** Coma todos os cursos, este que entra temos a intención de organizar (este curso contacontos e encontros virtuais) e visitas de autoras e autores para os niveis de infantil e primaria, e coma noutros cursos ter algún obradoiro telemático de ilustración que son todo un éxito cando se realizan.

**OBRADOIROS:** Continuaremos realizando obradoiros e concursos de poesía, e escritura, cos que elaboraremos novos fondos para a biblioteca.

**ELABORACIÓN DE TEXTOS**: Co fin de darlle a coñecer ao noso alumnado a maior información posible e coincidindo con celebracións e efemérides (Día das Letras Galegas, Día da Paz, Samaín, Día do Libro, Semana da Prensa, Nadal, Entroido, Día do Medioambiente, Día da Muller Traballadora,...) o alumnado realizará proxectos nos que utilice o fondo documental sobre estes contidos coa axuda de webquest, cazas do tesouro, exposicións, itinerarios na biblioteca,...

**LIBRO DE POESÍAS:** que conteña actividades lúdicas e creativas: xogos de rimas, adiviñas, acrósticos, caligramas, etc.

**BLOG DE BIBLIOTECA**: Continuaremos actualizando o blog da nosa biblioteca.

**CAIXÓN LECTOR:** Ao comezo do curso, cada aula recibe en préstamo anual un lote de 30libros para a súa lectura procurando que sexan atraentes e con boas ilustracións que favorezan que a que o alumnado se enganche. Este curso pola Covid-19 está acción non se levará acabo

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

**MARTES DE CONTO:** Cada martes, na hora do recreo unha titora ou titor voluntario, fará unha animación á lectura cun conto. Esta actividade está aberta a que sexan as propias nenas e nenos de 5º e 6º ou nais e pais voluntarios os que a leven a cabo, sendo este un bo punto para achegar ás familias ó centro e sentirse implicadas co mesmo (suprimida neste curso 20-21).

**RECANTO DE ESCRITORAS E ESCRITORES:** Habilitaremos un espazo (tendal...) para que aquelas nenas e nenos que lles guste escribir poidan deixar as súas composicións (unha palabra, un poema, unha narración...) para que o resto do alumnado deleite coa súa lectura.

**CLUB DE LECTURA**: este club de lectura realizarase coas nenas e nenos de 6º de primaria, na sesión de obradoiro.

**AUDIOCONTOS E CONTADAS DESDE O COLEXIO OU DESDE A CASA**, os cales colgaranSE no blog da biblioteca para que poida gozalos toda a comunidade educativa.

**FICHAS DE LECTURA**, por cada unha pódense conseguir ata 10 "espedregadís", os cales son trocados ao final de trimestre e/ou curso, por libros de expurgo da biblioteca.

**LECTOR DO MES,** entrevista ao lector/a que máis libros da biblioteca le nun mes. Publicación no blog e no taboleiro da biblioteca. É agasallado con 10 "espedregadís".

**APADRIÑAMENTOS LECTORES**, faranse parellas entre o alumnado de todos os cursos nas que os maiores len aos pequenos. Neste curso, realizaranse a través de contadas gravadas en vídeo ou videoconferencia.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

**BOOKTUBERS,** recomendacións dos libros favoritos por parte do alumnado e profesorado, a través dun vídeo para subilo ao blog, traballando así a competencia lingüística oral e dixital.

**CLUB DE LECTURA DE ADULTOS E ADULTAS:** reuniríanse en horario de tarde (16h-18h), agás os martes, a súa posta en común da lectura do libro elixido. Isto serviría para unha achega a eses libros, que lles pode ofrecer a biblioteca e, a través dunha biblioteca itinerante de libros de adultos e adultas para que poidan gozar da súa lectura na casa (este curso non se fará).

**En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva:**

- Dotar de novos fondos para o alumnado con necesidades como se vén facendo (libros en braille, audio libros….) Outras actuacións:
- O equipo estará pendente das propostas de actividades que cheguen ao centro relacionadas coa biblioteca para trasladalas aos distintos niveis.
- Promoverase propostas nas que participe todo o alumnado dende 3 anos ata 6º e que revertan nela (ambientación polo Samaín concurso decoración de portas...)
- Dirixiremos a nosa actividade para mellorar a accesibilidade ás persoas con discapacidade, sendo a biblioteca unha canle favorecedora para que os nenos e nenas desfavorecidos gocen dos dereitos humanos, civís, sociais e culturais.
- Aumentaremos a existencia nos fondos da biblioteca: libros dixitais, audio – libros, películas con subtítulos, materiais de lectura fácil, xogos manipulativos e interactivos, tabletas e mesa de luz.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Colaboración co Departamento de Orientación, tanto a través de adquisición de fondos, como na participación en diversas actividades para sensibilizar respecto á diversidade e inclusión e para favorecer a convivencia.

Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar:

- Realizaremos unha avaliación do traballo desenvolvido dende a biblioteca de xeito permanente ao longo de todo o curso. Os datos obtidos nesta avaliación servirannos de retroalimentación para mellorar ou modificar o que consideremos oportuno, co fin de garantir o mellor funcionamento posible de todas as actividades promovidas dende a biblioteca.
- Realizaremos no mes de setembro unha avaliación inicial ao profesorado e ao alumnado para determinar o grao de implicación do mesmo no bo funcionamento da biblioteca escolar e as expectativas cara este novo proxecto.
- Nesta avaliación teremos en conta os resultados e conclusións que figuran na Memoria. Intentaremos crear algunha ficha de recollida sistemática de datos.

Ao final o curso realizaremos unha avaliación final na que se reflictan os resultados obtidos no desenvolvemento do proxecto co fin de valorar as melloras acadadas e a implicación da comunidade educativa nas actividades realizadas.

- Procuraremos que o funcionamento da biblioteca se valore tamén nas reunións de coordinación dos diferentes niveis.
- Serannos de moita utilidade para realizar a valoración do funcionamento da biblioteca:

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Número de préstamos realizados pola biblioteca ao alumnado.

- Número de préstamos realizados polo profesorado (bibliotecas de aulas e de nivel)

- Número de usuarios e usuarias da biblioteca en tempos de lecer.

- Porcentaxes de participación nas actividades e concursos que se promovan.-Número de profesorado implicado nas distintas actividades da biblioteca.

- Calidade dos traballos realizados como froito das tarefas de investigación.

- Presenza da biblioteca escolar nos documentos organizativos e nas prácticas pedagóxicas do centro.

- Colaboración da biblioteca no resto das actividades do centro.

- Incremento do fondo documental e bibliográfico da biblioteca do centro e das aulas.

**Persoa designada como responsable da biblioteca escolar**.

Equipo de apoio. Horario previsto.

- Responsable:  Mª Dolores Cruz Anguís (por dous cursos renovable)
- Equipo: completarase o equipo no claustro de inicio e será especificado na PXA.

Horario: 5 Horas para a coordinadora e 2 horas cada un dos membros do equipo.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

**5.2 PROXECTO ABALAR** (sen implantar por problemas coa conectividade)

**5.3 PROXECTO EDIXGAL** ( implantáronse dúas aulas no curso 2015-16).

**Obxectivo xeral**: Profundar na sistematización e normalización do uso das TIC no centro, aproveitando a experiencia previa, potenciando unha metodoloxía inclusiva, participativa e colaborativa que nos leve á mellora da calidade educativa e do éxito escolar

**Obxectivos concretos**:

- Integrar o uso de recursos dixitais de xeito máis sistemático
- Buscar, seleccionar, recoller e procesar información relacionada coas diferentes áreas curriculares, procedente de aplicacións multimedia e das TIC (buscadores, webquest sobre contidos da área, plataformas dixitais, librosdixitais, tarefas e xogos...) colocalos nos blog de nivel para o seu uso máis inmediato polo alumnado e familias e clasificalos e categorizalos no blog de recursos do centro.
- Utilizar medios informáticos para a realización de tarefas escolares tanto na casa como na clase: equipos informáticos, tablets, blogs, aula virtual, diversas aplicacións e programas (editores de textos, editores de vídeo, presentación...)
- Desenvolver unha actitude positiva e saudable ante as TIC e valorar os riscos que entraña o uso inadecuado dos soportes dixitais.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Promover o uso das TIC para traballar de xeito autónomo e en grupos, como instrumento de colaboración e de desenvolvemento de proxectos de traballo e de tarefas.

- Mellorar a atención á diversidade na aula co uso de recursos que poidan adaptarse ás necesidades educativas do alumnado

- Continuar propiciando no centro unha evolución cara a metodoloxías que promovan a consecución de competencias.

- Formar alumnado máis protagonista do seu propio traballo e máis independente e autónomo na realización de tarefas escolares, na busca e na selección adecuada, na organización e no uso máis apropiado e racional da información.

- Promover un traballo máis colaborativo e fomentar no alumnado valores como a responsabilidade e o respecto tanto dende o punto de vista material (ser responsable, coidar e respectar os ordenadores para que outras compañeiras e compañeiros poidan usalos), como dende o punto de vista virtual (responsabilidade ante o xeito de usar a rede: tempos e páxinas, respecto á autoría...)

- Formar alumnado con maior capacidade para a organización do traballo

- Continuar coa formación do profesorado a través de cursos, grupos de traballo ou proxectos de innovación para a mellora no coñecemento das TIC e a súa utilidade no traballo colaborativo e por proxectos; que ademais busque recursos, intercambie experiencias e participe en redes profesionais, dea a

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

coñecer o software necesario,... É dicir un grupo que traballe na transformación dos procedementos habituais de transmisión da información e cree novos entornos de ensino e aprendizaxe.

### 5.4 CONTRATOS PROGRAMA :

no curso 2020-21 se solicita - MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE, CONVIVE-T, EDUEMOCIONA-T. ,MELLORA NA CALIDADE DE XESTIÓN DE CENTROS E PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA.-

a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación

O Ceip Espedregada ven participando neste programa desde o curso 2010-11 cunha valoración positiva por parte do claustro.

Unha parte do noso alumnado precisa, para acadar os obxectivos que consegue a maioría, apoio dentro do horario lectivo. A axuda que necesita non sempre a atopamos dentro da PD; polo que estes programas nos axudan a afondar en aqueles aspectos que consideramos importantes para acadar os obxectivos e incluso a excelencia.

b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.

Mellorar o nivel de desenvolvemento das competencias clave do alumnado de Educación Primaria, sobre todo as de comunicación lingüística, matemática ,así como mellorar as estratexias e hábitos de estudo, incrementando as súas expectativas de éxito e proporcionando unha atención máis individualizada.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

➢Mellorar a autoestima e facilitar a inclusión do alumando con problemas de aprendizaxe.

➢Fomentar a implicación e a responsabilidade do alumnado na súa aprendizaxe e implicar ao resto da comunidade escolar.

➢Mellorar a atención educativa a todo o alumnado do centro, especialmente a aquel que pola súa capacidade e as súas circunstancias persoais precise dun apoio que compense as súas carencias.

## 5.5 SECCIÓNS BILINGÜES.

Este o centro continúa participando no programa con dúas seccións bilingües, unha no nivel de 5º de EP e outra no nivel de 6º. Impártese a materia de Expresión Plástica e Visual. Contamos cun auxiliar de conversa que participará nestas seccións.

Este curso 2020-2021, excepcionalmente, e por mor da situación actual, dito auxiliar de conversa non empezará ata o mes de febreiro. Estando logo todo o tempo no noso centro para recuperar a súa ausencia durante o1º trimestre por estar no centro base co que a compartimos.

O **obxectivo fundamental** que engloba a todos e a todas é mellorar a competencia lingüística e comunicativa na lingua inglesa nos rapaces e rapazas que participarán neste proxecto.

**Como obxectivos específicos:**

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Recoñecer o uso da lingua inglesa como vehículo de comunicación dentro da aula noutra materia diferente á de lingua inglesa.

- Adquirir vocabulario específico da materia de Plástica en lingua inglesa e usalo na aula.

- Adquirir nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- Coñecer comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo,de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo , sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Espertar curiosidade polas diferentes demostracións artísticas e polo coñecemento dalgúns das artistas e dos artistas máis significativos e dalgunhas das súas obras.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Amosar que unha lingua pode ser empregada en calquera contexto e circunstancia; deste xeito, a lingua inglesa pode tamén ser empregada non só para expresar gramática , literatura e funcións lingüísticas senón tamén para comunicar todo o relacionado coa expresión artística nas súas diferentes facetas

### 5.6 PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O centro solicita participar nun Plan Formación Profesora do con dúas liñas de actuación:

- Ferramentas tecnolóxicas: aula virtual e outras ferramentas. Nesta liña incluirase un Programa de introdución ás STEM.

- Os programas de  Eduemociona e Convive-T desenvolveránse a través dun PFPP con formación para o profesorado e actuacións co alumnado, seguindo as liñas de anos anteriores.

5.7 **STEM (RÓTICA E CLUBE DE CIENCIAS ) implantados no curso 2018-19**

5.8 **DIGICRAFT** implantado no curso 2019-20

## 6. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Segundo o DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 8, punto 5 di: Os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración ( en 4º e 6º de EP) do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. Así mesmo, poderán optar por establecer outra ou outras áreas

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo e previa autorización da consellería competente en materia educativa. En todo caso, respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

No curso 2020-2021 as horas de libre configuración están reforzadas pola participación nos contratos programa na liña da mellora da competencia lingüística e quedan como segue:

➢Reforzo e afondamento en 4º de EP, asociado á área de linguas, profundaremos no eido das TIC.

➢Reforzo e afondamento en 6º de EP, asociado á área de Linguas, queremos profundar nesta materia a expresión escrita e lectura comprensiva porque detectamos que é un aspecto a mellorar; ao traballar necesitamos buscar información, planificar, contextualizar...estratexias que axudan a desenvolver a expresión escrita e oral.

## 7. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O centro considera necesario o deseño de actividades complementarias extraescolares que contribúan a un mellor desenvolvemento do alumnado e a profundar nas aprendizaxes. Todas as actividade terán como referencia o proxecto de centro que varia cada ano  segundo o centro de interese que se marca dende a biblioteca. Establécense como criterios para o seu deseño e selección os seguintes:

- Que os obxectivos da actividades se relacionen cos xerais de centro e etapa.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Que se correspondan cos obxectivos do nivel e dean resposta aos estándares de aprendizaxe contribuíndo ao mellor desenvolvemento dos mesmos.
- Que se integren no conxunto de actividades educativas do nivel.
- Que contribúan a desenvolver as competencias no alumnado.
- Que permitan atender á diversidade, que teñan en conta as características peculiares do alumnado; que sexan actividades inclusivas e teñan enfoque de xénero.
- Que sexan avaliables por parte das persoas responsables e usuarias ao remate da mesma tendo en conta o cumprimento dos obxectivos, idoneidade, recursos achegados, temporalización,...

Actividades son elixidas ao inicio de cada curso no claustro de inicio e recollidas na PXA.

## 8. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).

O centro considera necesario para o desenvolvemento do alumnado o establecemento de tarefas extraescolares relacionadas co desenvolvemento de competencias clave. Terase presente o proceso de aprendizaxe do alumnado,os diferentes ritmos e tamén que exista progresividade ao longo das etapas e dos niveis educativos no colexio. Estas tarefas poden axudar á participación das familias na aprendizaxe do alumnado. Dentro da competencia aprender a aprender e máis concretamente no relativo a hábitos de estudo, o CEIP Espedregada considera importante que:

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- O alumnado se acostume a ter un tempo diario de estudo, planificado e progresivamente maior a medida que medra.

- Que nese hábito se vaia facendo cada vez máis responsable e autónomo. Ao comezo do curso o profesorado indicará ás familias aquelas actividades diarias que será conveniente que o alumnado faga nese nivel: lectura, ampliación, automatizar algoritmos, ... Amais haberá unha axenda que sirva de comunicación casa-escola e neste sentido indique as tarefas "especiais" ou "diferenciais". O profesorado de nivel conmensurará a cantidade das tarefas diarias para evitar acumulación en determinados días, acumulación que faga inviable que o alumnado teña o tempo de lecer suficiente polas tardes e que realice as tarefas co coidado e a adecuación debidas.

(neste curso 2020-21 a axenda non aporemos en funcionamento por mor do COVID_19)

Con carácter xeral proponse:

| | TAREFA | TEMPO |
|---|---|---|
| EDUCACIÓN INFANTIL | - Lectura de contos, poesías, noticias ...<br>-Busca de información.<br>-Xogos de mesa.<br>-Debuxar, colorear<br>-Traballo co libro de lectura dos venres. | Ao redor de 10 minutos ao día, dependendo do nivel. |
| EDUCACIÓN PRIMARIA 1º | -Busca de información | De 20 a 30 minutos ao día |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | | |
|---|---|---|
| E 2º | -Lectura diaria<br>-Repaso de numeración e cálculo.<br>-Estudo de aspectos concretos (táboas, datos da contorna ...) | |
| EDUCACIÓN PRIMARIA 3º E 4º | -Busca de información<br>-Estudo-Repaso de cálculo.<br>-Lectura diaria. | De 30a 45 minutos ao día |
| EDUCACIÓN PRIMARIA 5º E 6º | -Busca de información<br>-Estudo diario<br>-Repaso de automatismos básicos de diferentes áreas<br>-Lectura diaria | De 45 minutos a 1 hora ao día |

CEIP ESPEDREGADA

Como norma xeral, o alumnado que non remate a tarefa no centro, deberá completala en casa para evitar atrasos, lagoas na aprendizaxe, falta de práctica. As mochilas para a casa, para evitar pesos innecesarios, levarán unicamente o material preciso para estas tarefas. O ALUMNADO NON TEN QUE LEVAR TODOS OS DÍAS TODO PARA A CASA. Hai que aprender a planificarse. Co alumnado con neae, adaptaranse as tarefas ao seu nivel, ritmo, capacidade e necesidades.

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

Neste curso evitarase o traslado de material do centro a casa, farase uso das ferramentas tecnolóxicas (correo, blog...).

## 9.CONCRECIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (3 ANOS)

No Centro cremos que a entrada do alumnado en EI. supón un importante cambio na súa vida: implica a saída do mundo familiar onde ocupa un rol xa determinado, onde se move cunhas normas concretas e nun espazo coñecido. A forma en que se resolva este cambio é transcendental para o alumnado e para o seu futuro na institución escolar, polo que opinamos que é moi importante coidar do bo desenvolvemento dun período de adaptación. Ao tratarse dun cambio que implica a varias persoas a adaptación non se refire só ó alumnado senón tamén ás familias. As familias van ter moita influencia neses instantes primeiros, por iso o profesorado do centro vai propoñer estratexias que poidan favorecer positivamente ese proceso. O deseño do período de adaptación está recollido no Plan de Acción Titorial do Centro, a continuación recollemos os elementos máis salientables do mesmo

-As actividades do período de adaptación terán lugar durante os mesesde maio, xuño e setembro.

Haberá dúas fases:

**1ª Fase**

Ao finalizar o período de admisión de alumnado as familias serán convocadas a última semana do mes de maio e recibirán un folleto con suxestións para ir preparando o inicio á escola e para facerlles comprendera necesidade de que a súa propia acti-

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

tude cara o colexio sexa positiva e que eviten actitudes que provoquen nas nenas e nos nenos falsas expectativas sobre o centro, posto que terá gran influencia neste período o comportamento familiar, como asuman a separación, como manexen as ansiedades e temores, de xeito que non se transmitan ó alumnado con manifestacións de excesiva preocupación. Comunicaráselle ás familias a necesidade de traballar no control de esfínteres (pis e caca) para que poidan ter unha correcta incorporación en setembro. No mes de xuño o alumnado terá os primeiros contactos co centro e profesorado, podendo visitar as aulas, de tal xeito que xa coñeza os espazos e a determinadas compañeiras e compañeiros. O alumnado actual participar na acollida das novas amiguiñas e dos novos amiguiños durante estes días.

**2ª Fase**

No mes de setembro terán lugar as entrevistas e o período de adaptación do alumnado propiamente dito coa súa incorporación á aula. O alumnado que non controle esfínteres incorporarase no momento en que este control estea conseguido. Isto débese a que o centro non dispón de persoal técnico auxiliar nin coidadoras destinadas no centro para dar esta atención, as aulas teñen unha ratio elevada que non o permite e ademais é unha tarefa que non entra dentro das funcións do profesorado. A duración deste período será a indicada no calendario escolar, este curso (2020-21) será ata o 30 de setembro de tal xeito que nos primeiros días de outubro todo o alumnado poida estar incorporado ao centro en condicións de normalidade. A pesar do dito,isto non é algo ríxido, senón que permitirá concibir períodos diferenciados cando as características de determinado alumnado ou as circunstancias familiares así o aconsellen, contarase neste caso co asesoramento do Departamento de Orientación. A entrada durante o período de adaptación será:

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- En momentos diferentes ao resto do alumnado
- Entrada graduada
- En grupos reducidos (6 ou 7 máximo)
- Con tempo de permanencia reducido que permita, non obstante ter espazos temporais ben diferenciados e remarcados (entrada, recreo, saída,...)

As observacións durante o período serán recollidas nunha ficha(cuxo deseño se recolle no Plan de acción titorial do centro) e engadidas ao expediente do alumnado. Cada día entrará un pequeno grupo segundo criterios indicados con anterioridade coas familias e de acordo coa distribución realizada pola equipo de profesorado de E. Infantil coa Xefa de estudos e a Orientadora.

CEIP ESPEDREGADA

## 10. CANLES DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO

O centro, no plan de comunicación, ten recollido como é a comunicación interna e externa .A continuación recollemos aquelas máis habituais:

**Xuntanzas.** Haberá unha a comezo de curso, por nivel. Estas xuntanzas servirán para comentar coas familias aspectos xerais do curso e tamén os aspectos curriculares que se corresponden ao nivel. Ademais falarase da metodoloxía de traballo e faranse suxestións sobre hábitos de estudo, fomento da autonomía,... O guión desas xuntanzas e as presentacións en formato dixital que axilicen o formato das xuntanzas concretarase conxuntamente co Departamento de Orientación seguindo o guión xeral que se recolle no Plan de acción titorial. Ao final da xuntanza repartirase

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

á familia un folleto-resumo das suxestións recomendadas. Poderá haber outras xuntanzas ao longo do curso se se consideran pertinentes. (neste curso se evitaran na medida do posible xuntanzas serán substituídas por videoconferencia ou chamadas telefónicas).

**Folletos**. Ao longo do curso farase chegar ás familias diversa información: suxestións de libros de lectura, páxinas web sobre temáticas concretas, suxestións sobre autonomía,fomento da responsabilidade, prevención do acoso, etc (Este curso non se enviarán se colgará todo na páxina web)

**Blog**. O centro, os equipos e os diversos niveis e materias contan cun blog onde aparecen informacións sobre o realizado na aula, ademais de suxestións de páxinas de interese para traballar na casa. O obxectivo é que as familias poidan participar a través da rede, informarse das temáticas que se traballan en aula e atopar recursos para o traballo co alumnado na casa.

**Aula virtual.** Nas aulas que empreguen este recurso o alumnado vai dispoñer dunha conta persoal que lle facilitará a titoría. Nesta Aula o alumnado vai ter un curso no que o profesorado irá presentando tarefas integradas e inclusivas así como toda a información e recursos educativos necesarios para poder continuar co proceso de aprendizaxe das diferentes materias se fose preciso, permitindo ás familias facer un seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe das súas fillas e fillos.

**Titorias.** Sempre que cómpre, prográmanse entrevistas individuais das familias coas titorías, profesorado, orientación,... conxuntamente ou en individual. Esas entrevistas son rexistradas no cadro de contactos coas familias, no caderno de entrevistas o

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

una ficha individual do alumnado que ten o profesorado do centro e cuxo modelo se recolle nos documentos anexos do Plan de acción titorial e se facilita ao profesorado na carpeta de acollida ao comezo de curso. É dicir, téntase usar documentos e cadernos de rexistro das visitas das familias, tanto estandarizadas como non estandarizadas para que cada titoría/profesorado adopte as que considere máis adecuadas ás súas necesidades e poida ter recollidas convenientemente as mesmas.

**Axenda.** É de uso obrigatorio para todos os niveis de E. Infantil e E. Primaria, a axenda escolar de deseño propio que permite a relación-familia escola diaria. Nela recóllense tarefas, recados e apuntamentos, así como autorrexistro do alumnado sobre conduta e realización de tarefas. Permite así mesmo que as familias remitan observacións, xustificacións de faltas, petición de entrevista co profesorado, etc... (neste curso non se usará a información será por Abalarmóbil)

**Horario de titorías.** Os martes, as familias poden entrevistarse persoalmente co profesorado nun horario establecido e comunicado (de 17 a 18horas).

(Este ano salvo en casos excepcionais esas entrevistas serán telefónicas ou por videoconferencia.)

**Abalarmóbil**. aplicación telefónica que permite remitir notas e mensaxes ás familias de forma rápida e instantánea

**Titoria persoal trimestral**. As familias recibirán persoalmente os resultados das avaliacións das súas fillas e dos seus fillos. Para iso, despois de cada sesión de avaliación, sinalaranse as datas desas entrevistas que permitirán que familias e titorías comenten a evolución académica do alumnado. (Estas pódense ver afectadas neste curso).

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

## 11. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

A avaliación concíbese como reguladora da aprendizaxe e será formativa. A información que xere a avaliación debe orientar o proceso educativo e indicarlle ao profesorado e alumnado onde están respecto ás competencias e aos obxectivos establecidos e facilitar a intervención na mellora deste proceso.

A avaliación non se debe reducir a comprobar os resultados da aprendizaxe; trátase dunha avaliación continua que precisa estar presente en todos os aspectos e momentos do proceso de aprendizaxe. Neste contexto, as alumnas e os alumnos deberán poder achegar as súas propias valoracións a través da autoavaliación e da coavaliación de maneira cada vez máis efectiva e autónoma e que lles axude a comprender mellor as súas necesidades, lagoas, dificultades, capacidades,...

Ao tratarse dunha avaliación continua, non servirán para obter datos adecuados unicamente as probas orais e escritas, precisarase da observación, da valoración do traballo

desenvolvido individual e en equipo,da valoración das producións,... A avaliación do alumnado debe asegurar a atención á diversidade, que se poidan usar diversos instrumentos, diversas fórmulas nas probas, diversas estratexias ... que permitan a todo o alumnado ser cualificado de acordo coas súas características .

Recollerase, pois, información sobre a aprendizaxe do alumnado mediante diversos procedementos e técnicas (métodos para recoller información relacionada co desenvolvemento de competencia e cos estándares, é dicir como se leva a cabo esa recolleita): observación, análise das producións orais-escritas-icónicas-... do alumna-

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

do, intercambios orais, realización de cuestionarios e ou probas específicas, exposicións/presentacións orais,...

Usándose instrumentos varios que permitan ao profesorado cualificar adecuada e coordinadamente (rúbricas)e rexistrar esas cualificacións: (listas de control, escadas de valoración, listas de cotexo, anecdotarios, partes de incidencia, rexistros de actividades,rexistros de observación por táboas, cartafol, gravacións,diario de aula...).

A avaliación levarase a cabo basicamente co formato heteroavaliación. Puntualmente realizaranse estratexias de coavaliación e autoavaliación de forma que o alumnado avalíe as propias actuacións co obxectivo de que aprenda a valorar, ao tratarse de actuacións puntuais das que o alumnado aínda non ten suficiente destreza, non terán repercusión nas cualificacións.

No tocante á heteroavaliación partirase dunha avaliación inicial en cada unidade, proxecto, tarefa complexa, centro de traballo,... para detectar o punto de partida do novo proceso de aprendizaxe, estas ideas previas socializaranse no grupo-clase.

Ao longo do proceso realizarase unha valoración continua da aprendizaxe do alumnado recollendo datos sistemáticos sobre o afianzamento, a utilización e transferencia do aprendido e a actitude. Todas estas valoracións iranse anotando nos instrumentos de rexistro para ir tendo datos de como se producen as aprendizaxes. Ao remate do proceso

realizarase unha valoración final das aprendizaxes con diversos procedementos e instrumentos de acordo co aspecto que se pretenda valorar, se cumprise, podería haber algunha proba oral, iconográfica e/ou escrita, individual ou en equipos se o profesorado xulgase que non ten datos suficientes para a cualificación do consegui-

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

do. O comentado sucintamente en parágrafos precedentes concrétase a continuación.

A avaliación debe ser sistemática, continua e permanente, integrada no proceso educativo, é dicir, non illada. O modelo avaliador debe estar en consonancia co modelo socioconstrutivista da aprendizaxe. Esta concepción supón que as persoas aprenden baseándose nas ideas previas que posúen mediante a súa propia actividade e a interacción coas demais persoas.

Cómpre que a avaliación sexa:

- ✗ Formativa e orientadora
- ✗ Continua
- ✗ Global
- ✗ Adaptada á diversidade do alumnado
- ✗ Recíproca
- ✗ Un proceso colexiado

Avaliar non é medir nin é un complemento do proceso educativo, é unha parte intrínseca do mesmo e afecta ao que se pretende avaliar. Debe permitir a retroalimentación que proporcione intre a intre a información precisa para continuar o proceso de xeito eficaz, advertindo sobre as dificultades que se poidan producir, para facilitar a intervención máis axeitada. A avaliación debe ser continua, isto con leva que ha de realizarse paralelamente a todo o proceso de aprendizaxe-ensino,

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

estando integrada na actividade educativa. No proceso cómpre sinalar, sen embargo, tres fases:

- **Fase inicial,** nela terá lugar a avaliación inicial. Esta vai permitir diagnosticar a situación de partida e obter unha primeira información, realizarase, por tanto, ao inicio dun proceso educativo

- **Fase formativa/procesual**, nesta fase a avaliación proporcionará información continua do proceso que permitirá ao profesorado e ao alumnado introducir as medidas reguladoras, orientadoras, autocorrectoras e de mellora que cumpran.

- **Fase final**, nela farase a avaliación final, que analiza o grao de consecución das aprendizaxes. É o momento no que se integran os datos obtidos durante o proceso de avaliación e se miden os resultadosdo conxunto do proceso educativo.

Realizaranse sesións de avaliación ás que asistirá todo o profesorado que atende ao grupo, conxuntamente coa xefatura de estudos e a xefa do departamento de orientación. Como se indica na lexislación correspondente, o centro realizará una sesión de avaliación inicial e 3 sesións de avaliación que terán lugar antes de dar a información ás familias.

Os obxectivos desas sesións serán:

Facer posible unha titoría compartida.

- Tomar decisións colexiadas. Coordinar criterios de actuación que se deriven dos resultados da avaliación trimestral.

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

- Valorar os datos da avaliación do grupo.
- Compartir datos sobre o alumnado dun xeito formal e que permitan a todo o profesorado ter unha visión máis global do proceso que está a seguir o alumnado.
- Permitir a cada titora e a cada titor informar ao resto do profesorado de nivel sobre aspectos relevantes da personalidade do alumnado, da súa familia,... que incidan no seu proceso de aprendizaxe-ensino.
- Comentar aqueles casos concretos que precisen dalgún tipo de apoio, orientación, reforzo, adaptación,...
- Decidir, de xeito colexiado, a promoción ou non do alumnado cando corresponda.
- Valorar as aprendizaxes acadadas por cadaquén, o grao de desenvolvemento das competencias clave se é o caso a eficacia das medidas adoptadas.

Nas sesións de avaliación participará todo o profesorado que imparta docencia no grupoclase correspondente maila orientadora que asistirá "con voz e sen voto". A asistencia ás sesións de avaliación é obrigatoria. Para o correcto desenvolvemento da mesma precisarase da elaboración dun calendario razoable e ben organizado que facilite a asistencia de todo o profesorado implicado. Os devanditos calendarios serán elaborados pola xefatura de estudos e serán dados a coñecer coa antelación necesaria. As sesións serán coordinadas polo profesorado titor do grupo quen levantará acta das mesmas e entregaraas á xefatura de estudos para o seu arquivo. Será este profesorado quen unha vez finalizada a sesión de avaliación informará ás

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

familias sobre a evolución académica das súas fillas e dos seus fillos así como das decisións adoptadas de reforzo, recuperación, adaptación,ampliación...

A titoría proporcionará esa información polos medios que se determinaron no cento educativo.

Para asegurar a eficacia das sesións haberán varias fases:

- **Fase previa**: na que o profesorado titor recollerá as cualificacións que cada especialista e profesorado de apoio lle proporcionará e analizará estes datos coa finalidade de extraer os datos máis relevantes. Para facer posible esta análise, estas cualificacións serán entregadas días antes á xuntanza, o mesmo os informes de AL e PT. Tamén se achegarán resultados de autoavaliación e coavaliación dos propios grupos e do alumnado.
- **Sesión da avaliación**: nela farase unha valoración global seguida dun comentario de datos máis relevantes e da evolución do alumnado con neae e do que recibe apoio. O profesorado titor proporcionará unha táboa coa copia das cualificación que teña ata a data. Comentaranse os axustes precisos, as estratexias necesarias e tomaranse os acordos que cumpran para unha actuación coordinada. Observarase a necesidade de que o profesorado especialista informe nalgúns casos directamente ás familias (ben por petición ou pola especificidade da información). Comentarase a evolución de cada alumna e cada alumno e recolleranse as observacións do profesorado especialista
- **Fase posterior** de información ao alumnado e ás familias.

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

A organización e desenvolvemento das sesións poderá modificarse coa finalidade de mellora sempre que a CCP así o determine. As modificacións recolleranse no PAT. No caso de alumnado que non promociona deberá a titoría e o profesorado implicado deseñar o correspondente plan e arquivalo no expediente do alumnado. Igual que nas medidas extraordinarias cando haxa avaliación individualizada insuficiente que se fará un plan de recuperación.

## 11.1 Datas orientativas das sesións de avaliacións e modelos de actas.

As datas de avaliación serán antes das vacacións de Nadal, antes das vacacións de Semana Santa e ao remate do curso. O modelo de acta da sesión de avaliación recóllese na carpeta do profesorado que se entrega a comezo de curso. ANEXO I

## 11.2 Avaliación inicial.

A avaliación inicial realizarase durante o período de acollida (cuxo plan se recolle no plan de acción titorial e se facilita ao profesorado nas carpetas de acollida do profesorado ao comezo de curso). O profesorado obterá datos do alumnado do seu grupo seguindo o seguinte proceso:

ntes do inicio das clases en xuntanza coa orientadora e a xefatura de estudos, nesta recibirá información sobre o grupo, a súa evolución académica anterior, as neae da aula, os datos de avaliacións psicopedagóxicas realizadas, etc...

O profesorado analizará os informes escritos das titorías anteriores

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

O profesorado deseñará actividades de acollida (presentación, constitución de equipo, debates, postas en común, redacción de normas, ...) que lle permitan ademais e en contexto natural de aula observar e avaliar ao alumnado de forma integrada e obter datos relevantes para reconducir/modificar/ a programación e axustala aos datos obtidos. Para a realización da avaliación inicial o profesorado conta cunha guía. Se cumprise, as titorías poderán solicitar da intervención do Departamento de orientación para completar información. Os datos desta avaliación inicial recolleranse na ficha do alumnado, listas de cotexo ou en listas de control (o modelo se facilita ao profesorado ao comezo de cada curso escolar). Realizarase sesión de avaliación inicial de acordo co indicado sobre sesións de avaliación no plan de acción titorial, levantarase acta de sesión segundo modelo existente no centro.

11.3 DECISIÓNS SOBRE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DE CADA UN DELES.

Os procedementos e as técnicas para recoller os datos necesarios serán variadas, non se limitarán aos controis, probas e exames, xa que estas só teñen un carácter puntual e interesan datos máis globais e continuados, que poidan dar unha idea máis precisa da evolución do alumnado, así, pois usaranse no centro os seguintes procedementos e instrumentos:

PROCEDEMENTO DE OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA:

INSTRUMENTOS

- Escada de observación.
- Rexistro de observación por táboas

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

- Escada de valoración
- Lista de control/cotexo
- Anecdotario persoal.
- Diario de clase

**PROCEDEMENTO ANÁLISE DAS PRODUCIÓNS DO ALUMNADO** (Resumos e esquemas, Traballos de aplicación e síntese, Caderno de clase, Textos escritos, Producións orais, Realización de presentacións, conferencias, cartafol, exercicios, actividades e problemas...)

**INSTRUMENTOS**

- Lista de control/cotexo
- Rúbrica
- Escada de valoración
- Rexistro de actividades
- Diario de aula
- Gravación de voz, vídeo ou fotográfica

**PROCEDEMENTO INTERCAMBIOS ORAIS CO ALUMNADO** (Diálogo, Entrevista,Postas en común, asembleas...)

**INSTRUMENTOS**

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

- Lista de control/cotexo
- Escadas de valoración
- Rúbricas
- Rexistro de actividades
- Gravacións
- Diario de aula

**PROCEDEMENTO PROBAS ESPECÍFICAS PUNTUAIS E ESPORÁDICAS** (Probas obxectivas, Probas abertas, Exposición dun tema, Resolución de exercicios, actividades, tarefas e problemas, Cuestionarios abertos e pechados,probas de interpretación de datos,probas de capacidade motriz...).

NSTRUMENTOS

- Lista de control/cotexo
- Rúbrica

**PROCEDEMENTO CADRO DE INCIDENCIAS (**relación coas persoas do centro,realización de tarefas extraescolares,cumprimento dos horarios e normas,achega de recursos necesarios,...)

**INSTRUMENTOS**

- Lista de control/cotexo
- Rúbrica

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

- Partes de incidencia
- Diario de aula
- Rexistros de observación por táboas

PROCEDEMENTO DE AUTOAVALIACIÓN E COAVALIACIÓN:

- Cadernos de equipo
- Autorrexistros da axenda e de aula
- Comentarios escritos e/ou orais
- Asemblea

Para analizar os datos existen diferentes técnicas, a que consideramos máis conveniente ás características do centro é a de triangulación(de estratexias, temporal, espacial, de fontes de recollida de información).Os criterios de corrección para cada instrumento determinarase máis concretamente en cada materia e nivel, a nivel xeral será.

CEIP ESPEDREGADA

| | |
|---|---|
| **Rúbrica** | A corrección de rúbricas realizarase do seguinte xeito: (Nivel de desempeño / Nº de ítems) x 2,5 |
| Probas orais e escritas no caso de seren precisas cando non se teñan datos suficientes para a | (10 / nº de ítems) x nº de ítems correctos |

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | |
|---|---|
| cualificación do aprendido. | |
| Observación da realización de tarefas e actividades para valorar esforzo e actitudes | (nº de B -nº de M +1/2 nº de R ) / nº de días de clase. Sendo B=1, M=-1 e R=0,5 |

## 11.4 CRITERIOS CUALIFICACIÓN

Cualificarase o traballo diario da aula en base a cadernos, actividades de investigación, observación das realizacións en aula, actitude, esforzo e participación nas tarefas grupais e individuais. Nalgúns casos poderanse utilizar probas obxectivase/ou abertas para comprobar e verificar algúns datos relacionados con aspectos conceptuais e procedimentais. Para as cualificacións teranse en conta o traballo do alumnado e a súa actitude e esforzo coas porcentaxes seguintes:

| **TAREFAS DE CLASE, PRODUCIÓN DO ALUMNADO NA CASA E NA AULA.** | **80% PROBAS ESPECÍFICAS** |
|---|---|
| | 20% No caso de non realizar este tipo de probas, esta porcentaxe sumarase ás tarefas de clase. |

Nas tarefas de clase e producións do alumnado avaliaranse os traballos individuais e grupais a través de rúbricas e usaranse en cada unha as porcentaxes que se indican:

| | |
|---|---|
| PRODUCIÓNS ORAIS DIÁLOGOS, DEBA- | 20% |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | |
|---|---|
| TES, CONFERENCIAS ASEMBLEAS E POSTAS EN COMÚN (rúbrica de expresión e comprensión oral) | |
| RESUMOS E ESQUEMAS, REALIZACIÓN DE PRESENTACIÓNS, TRABALLOS DE APLICACIÓN E SÍNTESE,ESCRITURA DE TEXTOS ( rúbrica de produción de textos escritos) | 20% |
| CADERNO DE CLASE, CARTAFOL | 20% |
| LECTURA, ACHEGA DE INFORMACIÓN (rúbrica de lectura) | 20% |

CEIP ESPEDREGADA

## 11. 5 AVALIACIÓN PARA ALUMNADO ABSENTISTA

O centro establece una avaliación extraordinaria no caso de que polo número de faltas non se poida realizar avaliación ordinaria continua. O absentismo -definido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pode supoñer que o alumnado non teña asistencia suficiente para que poida ser avaliado a través da avaliación continua ordinaria. Hai neste eido unhas Instrucións do 31 de xaneiro de 2014,da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa baseadas no Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia que establece unhas pautas comúns de actuación, ten un carácter básico e de referencia, de xeito que cada centro educativo, dentro da súa competencia e autonomía, pode adaptalo

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

á súa realidade. O CEIP Espedregada, adaptando aspectos ás características do centro indica que a avaliación extraordinaria poderá consistir en:

**EDUCACIÓN INFANTIL**

| PSICOMOTRICIDADE | 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL | 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL | 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL |
|---|---|---|---|
| **Organiza os seus movementos segundo consignas dadas** | É capaz de realizar as actividades seguintes con consignas verbais. | É capaz de realizar as actividades seguintes con consignas verbais | É capaz de realizar as actividades seguintes con consignas verbais |
| **Manexa distintos tipos de desprazamentos de forma coordinada** | Gatear, reptar, saltar. | Cara atrás gatear, reptar, saltar… | De lado gatear, reptar, saltar… |
| **Experimenta e goza nocións de** | Dentro/fora | Encima/ debaixo | Diante/detrás |
| **Mantén o equilibrio parado** | Puntillas, talóns. | A árbore | O anxo |
| **Mantén o equilibrio en movemento.** | Camiñar sobre un banco sueco | Camiñar sobre un banco sueco con saquiño na cabeza | Camiñar sobre un banco sueco inclinado |
| **Colabora en actividades grupais** | Participa nun xogo de grupo | Participa nun xogo de grupo | Participa nun xogo de grupo |
| **Coordinación óculo-** | Rodar un aro | Botar a pelota con | Botar a pelota coa |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| **lo-manual.** | | dúas mans (2-3) | man dominante(2-3) |

En canto ao ítem que fai referencia á actividade musical, farase observación directa daqueles aspectos relacionados co canto, danza, instrumental,...así como do seu gozo e participación activa, naquelas actividades propostas durante a súa ausencia. Mediante probas orais comprobarase a comprensión, o nivel de vocabulario e a pronuncia en inglés .

**EDUCACIÓN PRIMARIA 1º-2º**

Observarase o traballo na aula tanto no caderno como no resto do material ao seu regreso e verificarase se se acadan os obxectivos que se deseñaron para o trimestre. Observarase tamén a súa actitude cara á tarefa.

A través dunha **ficha resumo** avaliarase a consecución dos obxectivos propostos para ese trimestre nas diferentes materias

**Observarase a realización do traballo** "atrasado"que deberá presentar nun tempo concreto a determinar-e comprobarase a súa adecuación e control.

**Realizarase proba de lectoescritura** para verificar se se acadou o nivel requirido para o trimestre

| E. FÍSICA 1º | PROBAS |
|---|---|
| 1 U.D.<br>2 U.D. | • Participa nun xogo grupal respectando as normas.<br>• Usa correctamente o vestiario |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | |
|---|---|
| 3 U.D.<br>4 U.D. | • Acepta e respecta ás compañeiras e aos compañeiros<br>• Recoñece as diferentes partes do corpo no propio corpo e no das e dos demais.<br>• Recoñece a unha compañeira ou un compañeiro pola fala ou o tacto<br>• Mantén a posición de estatua 5 segundos nun banco sueco<br>• Anda con soltura sobre un banco sueco do revés e salta dentro dun aro sen desequilibrarse. |
| 5 U.D.<br>6 U.D.<br>7 U.D. | • Participa nun xogo grupal respectando as normas.<br>• Usa correctamente o vestiario.<br>• Acepta e respecta ás compañeiras e aos compañeiros<br>• Carreira de obstáculos, saltando un banco sueco, un colchón e un valo de aprendizaxe.<br>• Bote estático, primeiro coa dereita e despois coa esquerda.<br>• Tirar un pompón dentro dun aro a un 3 m. de distancia. |
| 8 U.D.<br>9 U.D.<br>10 U.D. | • Participa nun xogo grupal respectando as normas.<br>• Usa correctamente o vestiario.<br>• Acepta e respecta ás compañeiras e aos compañeiros<br>• Escenifica unha acción da vida cotiá.<br>• Realiza un movemento rítmico seguindo unha canción infantil.<br>• Coñece e practica dous xogos populares |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

**Na materia de E.F.** en 2º realizaranse as probas prácticas dos contidos traballados no período de ausencia. Aplicaranse os criterios de corrección establecidos na programación e establecerase previamente o peso na cualificación dos estándares avaliados.

| ASPECTOS A AVALIAR | PROCEDEMENTOS | |
|---|---|---|
| **COMPRENSIÓN**<br>**EXPRESIÓN**<br>**ARTICULACIÓN**<br>**VOCABULARI** | **OBSERVACIÓN** | • Condutas,socialización,hábitos,rutinas,autonomía, autocontrol.<br>• Contidos propios do trimestre.<br>• Control e manexo de útiles.<br>• Concepto de cantidade con obxectos manipulables e computables, cores,formas,clasificación, seriación |
| | **PROBAS ESCRITAS** | • Escritura espontánea.<br>• Trazo de números.<br>• Asociación grafía-cantidade<br>• Fichas para control das técnicas plásticas e a creatividade |
| | **PROBAS ORAIS** | • Resolución de problemas sinxe- |

CEIP ESPEDREGADA

**CEIP ESPEDREGADA**
**Camiño Serpe, 3**
**36992-Raxó-Pontevedra**
**Telf: 886151463 Fax:886151466**
**ceip.espedregada@edu.xunta.es**

| | | |
|---|---|---|
| | | los<br>• Vocabulario e construción de oracións |
| | **DEBUXO** | • Esquema corporal |

| **MÚSICA** | | |
|---|---|---|
| **ESCOITA** | Observación directa, e anotación en rexistros do especialista e/ou de aula. | O alumnado deberá demostrar ao profesorado a través da voz, instrumento e movemento, que alcanza os obxectivos mínimos, do traballado no trimestre durante o período de ausencia, así como algúns dos traballos escritos realizados neste tempo |
| **INTERPRETACIÓN MUSICAL** | Observación directa. Deberá interpretar vocal e /ou instrumentalmente, un dos temas traballados no trimestre correspondente. | |
| **A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA** | Observación directa da interpretación dalgunha danza traballada. | |

**RELIXIÓN:**

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

Observarase o traballo realizado na aula, e verificarase que se acaden os obxectivos do trimestre. Observarase o traballo atrasado que deberá presentar nun tempo concreto a determinar. A través dunha ficha resumo avaliarase a consecución dos obxectivos propostos ese trimestre.

**INGLÉS:**

Faranse tanto probas escritas ( só a partir de 2º de EP e dependendo sempre do nivel de lecto-escritura de cada curso  na súa lingua materna) como orais, priorizando estas últimas. Nestas probas avaliaranse os coñecementos xerais da lingua e tamén os específicos da unidade que se está a tratar. Terase en conta a conciencia fonolóxica, o nivel semántico e sintáctico da lingua. Outro aspecto importante é o interese mostrado pola lingua e as ganas de aprender por parte do alumno ou alumna.

**EDUCACIÓN PRIMARIA 3º E 4º**

**LENGUA E LINGUA:**

*Lectura*:

Mediante a observación da lectura dun texto observarase que acadou os obxectivos do trimestre. Teremos en conta a velocidade lectora, a entoación e as actividades de comprensión lectora do texto lido ,tanto escritas como orais.

Expresión escrita:

Avaliarase a consecución dos obxectivos a través da elaboración dun texto do tipo textual traballado nese trimestre, breve e redactado ao seu nivel , con normas básicas de ortografía e signos de puntuación ( traballados nese trimestre).

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

**MATEMÁTICAS:**

Avaliarase através de actividades orais e escritas: o control da Numeración e operacións básicas traballadas na clase. Resolución de problemas con números e operacións realizadas nese trimestre. Farase avaliación das matemáticas aplicadas a situacións da vida real

**SOCIAIS E NATURAIS:**

Realizaranse probas orais e/ou escritas (con preguntas curtas de varios tipos: relación, elección, pequenas respostas elaboradas, xustificación,...) sobre as temáticas traballadas durante o trimestre.

**LINGUA ESTRANXEIRA:**

Realizaranse probas escritas relacionadas co vocabulario e as estruturas traballadas durante o trimestre.

**EDUCACIÓN FÍSICA:**

Realizaranse as probas prácticas dos contidos traballados no período de ausencia. Aplicaranse os criterios de corrección establecidos na programación e establecerase previamente o peso na cualificación dos estándares avaliados

| **MÚSICA** | | |
|---|---|---|
| **ESCOITA** | Observación directa, e anotación en rexistros do especialista e/ou de aula. | O alumnado deberá demostrar ao profesorado a través da voz, instrumento e movemento, que alcanza os |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | | |
|---|---|---|
| **INTERPRETACIÓN MUSICAL** | Observación directa. Deberá interpretar vocal e /ou instrumentalmente, un dos temas traballados no trimestre correspondente. | obxectivos mínimos, do traballado no trimestre durante o período de ausencia, así como algúns dos traballos escritos realizados neste tempo |
| **A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA** | Observación directa da interpretación dalgunha danza traballada. | |

**RELIXIÓN:**

Realizaranse probas orais e escritas sobre os temas do trimestre. Observarase a realización do traballo atrasado que realizará nun tempo a determinar.

CEIP ESPEDREGADA

## EDUCACIÓN PRIMARIA 5º E 6º

| **CIENCIAS NATURAIS E SOCIAIS** | | |
|---|---|---|
| INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA. | Proba escrita ou oral. | Os equipos de nivel redactarán asprobas que terán un formato similar ás aplicadas ao resto do alumnado e versarán sobre os contidos traballados du- |
| OS SERES VIVOS | Proba escrita ou oral | |
| O SER HUMANO E A SAÚDE | Proba escrita ou oral | |

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | | |
|---|---|---|
| MATERIA E ENERXÍA | Proba escrita ou ora | rante o período de ausencia, ou pedirán a presentación dun traballo escrito sobre os mesmos<br>Aplicaranse os criterios de corrección establecidos na programación e estableceráse previamente o peso na cualificación dos estándares avaliados |
| TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS | Proba escrita ou ora | |

| **CIENCIAS SOCIAIS** | | |
|---|---|---|
| CONTIDOS COMÚNS | Proba escrita ou oral | Os equipos de nivel redactarán as probas que terán un formato similar ás aplicadas ao resto do alumnado e versarán sobre os contidos traballados durante o período de ausencia, ou pedirán a presentación dun traballo escrito sobre os mesmos. Aplicaranse os criterios de corrección establecidos na |
| O MUNDO QUE NOS RODEA | Proba escrita ou oral | |
| VIVIR EN SOCIEDADE | Proba escrita ou oral | |
| AS PEGADAS DO TEMPO | Proba escrita ou ora | |

CEIP ESPEDREGADA

CEIP ESPEDREGADA
Camiño Serpe, 3
36992-Raxó-Pontevedra
Telf: 886151463 Fax:886151466
ceip.espedregada@edu.xunta.es

| | | |
|---|---|---|
| | | programación e establecerase previamente o peso na cualificación dos estándares avaliados. |

| VALORES CÍVICOS E SOCIAIS | | |
|---|---|---|
| A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA | Presentación dun tema/ traballo/intercambios orais | Os equipos de nivel poñerán os temas e traballos que serán similares aos realizados polo resto do alumnado e versarán sobre os contidos traballados durante o período de ausencia. Aplicaranse os criterios de corrección establecidos na programación e establecerase previamente o peso na cualificación dos estándares avaliados. |
| A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS | Presentación dun tema/ traballo/intercambios orais | |
| INTERPERSOAIS A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | Presentación dun tema/ traballo/intercambios orais | |

| ARTÍSTICA | | |
|---|---|---|
| EDUCACIÓN | Proba oral | O alumnado deberá presentar ao profesorado as |
| AUDIOVISUAL.EXPRESIÓN | Composicións empregan- | |

CEIP ESPEDREGADA

| | | |
|---|---|---|
| ARTÍSTICA | do distintas técnicas e materiais | actividades prácticas realizadas nas aulas no período de ausencia |
| DEBUXO XEOMÉTRICO | Composición con formas xeométricas básicas | |

| MÚSICA | | |
|---|---|---|
| ESCOITA | Observación directa, e anotación en rexistros do especialista e/ou de aula. | O alumnado deberá demostrar ao profesorado a través da voz, instrumento e movemento, que alcanza os obxectivos mínimos, do traballado no trimestre durante o período de ausencia, asi como algúns dos traballos escritos realizados neste tempo |
| INTERPRETACIÓN MUSICAL | Observación directa. Deberá interpretar vocal e / ou instrumentalmente, un dos temas traballados no trimestre correspondente | |
| A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA | Observación directa da interpretación dalgunha danza traballada. | |

CEIP ESPEDREGADA

| RELIXIÓN | | |
|---|---|---|
